



ACTA Nº 2025/4

Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, xoves 13 de marzo de 2025

No día de hoxe, ás 09:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario en réxime de acumulación que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Sergio Miñones Oanes

D. Manuel Pose Tomé

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

SECRETARIO/A:

D. Constantino Cobas Cotelo, en réxime de acumulación

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión extraordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2025.

2º. Ditame sobre aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar. Expediente TEDeC 2024/C004/000002.

3º. Ditame sobre solicitude de axuda á Deputación Provincial da Coruña para o proxecto "Foro de liderado feminino no Rural. Alza voz de Muller". Exp. 2025/A008/000013.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión extraordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación a citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión celebrada o 21 de febreiro de 2025.

2º.- Ditame sobre aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar. Expediente TEDeC 2024/C004/000002.

Por Secretaría dáse lectura ao ditame sobre o punto do epígrafe emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social o día 10 de marzo de 2025, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar. Expediente TEDeC 2024/C004/000002.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 5 de marzo de 2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar. Expediente TEDeC 2024/C004/000002.



Vista a providencia da alcaldía de data 19/02/2025 na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación do servizo de axuda do fogar do Concello de Vimianzo.

Visto que o valor estimado como máximo ascende a cinco millóns cento noventa e cinco mil catrocentos oitenta e catro euros (5.195.484,00 euros), IVE non incluído e que o orzamento de licitación ascende a un millón trescentos mil cincocentos catro euros e oitenta céntimos (1.300.504,80 €), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación (subxectivos e obxectivos).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares de data 27/02/2025 e o prego de prescricións técnicas da mesma data, que constan no expediente TEDeC.

Constan informes favorables emitidos pola Secretaría e pola Intervención municipais, en data 05/03/2025. No último dos anteriores informe, consta que existe crédito na aplicación orzamentaria 231.22799 para afrontar o gasto que poida representar esta contratación.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda dous da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno do concello previo ditame da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares de data 27/02/2025 e prego de prescricións técnicas da mesma data, que rexerá a contratación, por procedemento aberto armonizado, tramitación ordinaria, para a contratación do servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo.

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto armonizado e tramitación ordinaria, acordándose a non división en lotes segundo se xustifica no expediente de referencia.

Segundo.- Aprobar o gasto pola parte proporcional correspondente á anualidade do ano 2025 respecto do importe total anual de seiscentos vinte mil euros (620.000,00 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Os vindeiros exercicios económicos quedarán condicionados á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio económico.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público e no DOUE.

Cuarto.- Delegar na Xunta de Goberno Local a realización de trámites e adopción de acordos que sexan necesarios para a adxudicación e execución deste contrato.



O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Benestar Social, por seis votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A continuación pide a palabra o concelleiro do PP, Sr. Rodríguez Blanco para manifestar que espera que a empresa que resulte adxudicataria preste o servizo nas mesmas condicións nas que se ven prestando actualmente.

O voceiro do BNG, Sr. Queiro Pérez, pide a palabra para preguntar por unha banda polo motivo da convocatoria do Pleno extraordinario para este punto e por outra banda pregunta por qué os pregos de cláusulas administrativas particulares e os de prescricións técnicas que rexen a licitación están redactados en castelán.

A Sra. alcaldesa contesta que é urxente iniciar a licitación posto que se trata dunha licitación complexa tanto nas cláusulas administrativas como nas prescricións técnicas que ten un valor estimado moi alto e que precisa da publicación no Diario Oficial da Unión Europea que é o motivo de que esté redactado en castelán e por outra banda é moi importante axilizar o expediente o máximo posible.

No turno de réplica o voceiro do BNG, Sr. Queiro Pérez fai constar que o contrato leva 2 anos prorrogado e podíase prever. Opina que debe moderarse o gasto a partir de agora e adianta que o seu voto vai a ser favorable.

A Sra. alcaldesa agradece o voto favorable da Corporación e contesta que para moderar o gasto a Xunta de Galicia ten que facer os deberes e financiar este servizo doutro xeito como unha competencia autonómica que realmente é. E con respecto ao expediente indica que hai moito traballo na elaboración do expediente (pregos, cálculos económicos etc) por parte de todos os servizos municipais. Pero este servizo é unha prioridade para o goberno municipal por eso opina que eso de moderar o gasto debe decírselle como se fai. A financiación do SAF debe ser prioritaria e débese reclamar á Xunta unha maior financiación.

O voceiro do BNG, Sr. Queiro Pérez indica que non pode aceptar que se insinúe que o seu grupo pretenda aforrar en servizos sociais. Pensa que se pode aforrar noutros temas.

Logo dun breve debate sobre os ingresos e recursos do concello nos últimos anos, pola Sra. alcaldesa sométese a votación resultando aprobado o ditame por unanimidade dos 12 membros asistentes dos 13 que legalmente compoñen a Corporación.

3º.- Ditame sobre solicitude de axuda á Deputación Provincial da Coruña para o proxecto “Foro de liderado feminino no rural. Alza Voz de Muller”. Exp. 2025/A008/000013.



Por Secretaría dáse lectura ao ditame sobre o punto do epígrafe emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o día 10 de marzo de 2025, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre solicitude de axuda á Deputación Provincial da Coruña para o proxecto "Foro de liderado feminino no Rural. Alza voz de Muller"

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 26 de febreiro de 2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROXECTO "FORO DE LIDERADO FEMININO NO RURAL ALZA VOZ DE MULLER"
EXPTE. TEDEC: 2025/A008/000013

ANTECEDENTES

O IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Vimianzo para o período 2022-2026 recolle unha liña estratéxica de participación social das mulleres, co obxectivo de impulsar a participación das mulleres en calquera ámbito da vida, así como promover o seu empoderamento.

Pola súa banda, a Deputación Provincial da Coruña definiu o Plan de Emprego Local (PEL), de apoio e impulso ás iniciativas emprendedoras no ámbito rural, dirixido a abordar a vulnerabilidade específica das áreas rurais mediante a promoción dun crecemento sostible, á contribución da fixación da poboación, á dinamización económica e á mellora das condicións de vida da poboación.

En concordancia co anterior, o Concello de Vimianzo definiu o proxecto "Foro de liderado feminino no rural Alza Voz de Muller", de impulso e visibilización do emprego e do emprendemento feminino, para xerar un valor social específico para o medio rural que permita afrontar retos e desafíos do tecido empresarial feminino e tamén xerar redes de apoio que xeren riqueza, emprego e actividade económica.

Consta no expediente a memoria do proxecto "Foro de liderado feminino no rural Alza Voz de Muller".

Consta a Retención de Crédito, con data do 14/02/2025, por importe de 8.000,00 euros. coas seguintes referencias: Programa 231, Económica 22799, Referencia 22025000840.

Por Resolución de Alcaldía núm. 226/2025, do 17/02/2025, aprobouse a solicitude de axuda á Deputación Provincial da Coruña para o proxecto "Foro de liderado feminino no rural Alza Voz de Muller".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS



O artigo 8.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP núm.150 do 10/08/2021) recolle que, de xeito singular e excepcional, cando existan razóns de interese público, social, económico ou humanitario que imposibiliten a convocatoria pública e como tal estean acreditadas nunha memoria emitida polo servizo competente, poderá acordar o Pleno da Corporación a concesión dunha subvención directa ou de carácter nominativo.

Tense en consideración a atribución concedida á Alcaldía polos artigos 21.1 b) d) s) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado o proxecto “Foro de liderado feminino no rural Alza Voz de Muller” cun orzamento de 40.000,00 euros, co IVE incluído.

SEGUNDO.- Declarar a excepcionalidade e singularidade do proxecto “Foro Alza Voz de Mulleres”.

TERCEIRO.- Aprobado a solicitude de axuda nominativa, e a realización do respectivo convenio coa Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento do proxecto “Foro de liderado feminino no rural Alza Voz de Muller” cun orzamento de 40.000,00 euros, co IVE incluído, do que se solicita o 80%, 32.000,00 euros, contando cunha achega municipal do 20%, 8.000,00 euros.

CUARTO.- Autorizar á Deputación para que poida obter, en calquera momento da tramitación do expediente, as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez”

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por seis votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A continuación pide a palabra o concelleiro do PP, Sr. Rodríguez Blanco para manifestar que vai a votar a favor do proxecto e opina que se debería implicar máis á xuventude neste tipo de proxectos.

O voceiro do BNG, Sr. Queiro Pérez, pide a palabra para preguntar quen redactou o proxecto do Foro Alza Voz de Muller porque lle parece vergonzoso. Pregunta polo nome dos/as ponentes. E manifesta que tendo en conta que o concello rexeitou solicitar unha subvención á Deputación para a contratación dun/ha técnico/a de igualdade que estaría 5 días á semana ao ano para a atención das mulleres, presentan este proxecto de 2 días nos que analizando as partidas do proxecto lle parecen vergonzosas as cantidades que se contemplan para deseño da imaxe corporativa,



campañas de publicidade en medios de comunicación, campañas de visibilidade, gabinete de prensa, cartelería, videos, material de carpetas de participantes etc.

A Sra. alcaldesa contesta que o concelleiro do BNG busca a polémica sobre o técnico de igualdade. O proxecto do Foro Alza Voz de Muller pasou todos os filtros que tiña que pasar. Opina que temos un foro con ponentes de prestixio e busca a polémica. O proxecto consiste nun foro, non son charlas e logo da súa celebración que se realizará con total transparencia, xa se fará unha valoración.

Pola Sra. alcaldesa sométese a votación, resultando aprobado o ditame por 10 votos a favor correspondentes aos Sres/as concelleiros /as do PSdG-PSOE (9) e PP (1), 2 votos en contra correspondentes aos Sr/a concelleiros/a do BNG (2) e ningunha abstención.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:42 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario en réxime de acumulación redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario en réxime de acumulación
Constantino Cobas Cotelo